

10 PORQUÉS
E
45 PARA QUÉS

**DESTE NECESARIO
RESCATE
A LUGO**



LUGO

Partido Popular de Lugo · www.ppdelugo.gal

**PORQUÉ 01****Pola ausencia de compromiso real
coas entidades sociais****PARA QUE**

- Avance para a licitación dun centro pioneiro de saúde mental que xestionará **ALUME** e inicio das obras co derrube do muro perimetral.
- Mellora das instalacións de **ADACE**, cun novo local.
- Apoio a **ALUCEM** para a ampliación da súa sede.
- Creación dun centro de respiro para darlles apoio aos e ás familiares de persoas con alzhéimer xunto a **AFALU**.
- Sinatura de **convenios nominativos con todas as asociacións** para axilizar o cobro das súas axudas.

**PORQUÉ 02****Pola falta dunha política centrada
nas persoas e na conciliación****PARA QUE**

- Ampliación do **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** co obxectivo de reducir a lista de agarda.
- Creación de '**Alumiñar**', unha nova liña específica para a atención e coidado aos menores no seu propio domicilio, con especial atención ás familias monoparentais.
- Creación dunha **Oficina de Atención ao Migrante**, cun convenio co Colexio de Avogados para o apoio na realización de trámites.
- Realización dun **Plan de Saúde Mental**.
- Creación dun **Consello de Maiores**.

**PORQUÉ 03****Porque a seguridade cidadá nunca foi unha prioridade para este goberno****PARA QUE**

- Creación dunha **nova oficina de Policía Local na zona norte**, ubicada no centro sociocomunitario da Praza da Milagrosa.
- Creación dunha **Mesa de Seguridade Permanente** para garantir a convivencia en todos os barrios, cunha aplicación estrita da lei en locais de lecer da zona da Milagrosa, entre outros.
- Máis **medios e efectivos para Bombeiros e Policía Local** para axilizar os tempos de resposta, incluíndo unha patrulla nocturna.

**PORQUÉ 04****Porque a mobilidade cada día é máis complicada****PARA QUE**

- Creación dunhas **350 prazas de estacionamento** cun aparcadoiro na **Ronda das Fontiñas** á altura do número 105 (unhas 70 prazas) cun modelo similar ao da Avenida de Breogán, no parque de enerxías alternativas do **Ceao** (máis de 80), en **Noriega Varela** (unhas 40) e a apertura do do **Fuxan os Ventos** (unhas 150).
- Recuperación e mellora das **liñas de transporte urbano**, adaptándoas á realidade dos barrios e reforzando a información en tempo real.
- Modificación do **Plan de Mobilidade e Urbanismo Sostible** recentemente aprobado.
- Elaboración dun Plan de acción que priorice os **tapóns urbanísticos** a eliminar, comezando polo situado entre as rúas Evaristo Correa Calderón, Serra Gañidoira, Río Lor e Escultor Asorei.

**PORQUÉ 05****Pola conflictividade con outras administracións ou con quen non pensa como o goberno, que impide avanzar en proxectos****PARA QUE**

- Sinatura inmediata do convenio para o **saneamento de Esperante**.
- Creación dunha **praia fluvial** na zona dos Robles.
- Avances noutros **proxectos de abastecemento e saneamento** canda a Confederación e Xunta.
- Cesión de terreos para un **novo centro de saúde no Sagrado Corazón** e avances para a **finalización do Plan Paradai** coa obra de Serra de Meira.
- Recuperación dun **San Froilán para todos**, lonxe do sectarismo destes anos.

**PORQUÉ 06****Pola parálise e o bloqueo de proxectos estratéxicos e do día a día****PARA QUE**

- Avances en benestar animal co inicio inminente das **obras de ampliación da actual Protectora**, un **novo parque canino para As Fontiñas** e o reforzo das campañas de concienciación.
- **Actualización de contratos** cunha xestión transparente que contribúa ao cumprimento da lei.
- Reforzo do mantemento das **zonas verdes** e dos **parques infantís municipais**.
- Actualización do **convenio cos Xestores Administrativos** para facilitarlles trámites e aforrarlles tempo e burocracia a estes profesionais e á veciñanza.

**PORQUÉ 07****Porque estamos diante dun goberno que despilfarra en proxectos sen valor engadido, que os lugueses pagamos dobremente cunha suba de impostos****PARA QUE**

- **Eliminación de treitos do carril bici** en zonas coma a Residencia ou O Carme, deseñando novos trazados.
- Deseño dunha solución técnica para a **renovación do pavimento do centro** recién peonalizado.
- Impulso de acordos co concesionario das augas termais do balneario para aproveitalas nas **Caldas do Miño**.

**PORQUÉ 08****Porque non hai compromiso co progreso industrial nin co emprego****PARA QUE**

- Creación dunha **Oficina Económica de Lugo** na actual estación de autobuses para captar e apoiar proxectos emprendedores.
- Activación da **Mesa de Comercio Local** e impulso dun plan de apoio.
- Creación de **bonos municipais** para o fomento do consumo local.
- Deseño dun **Plan de Emprego para a Xuventude e a Mocidade**, colaborando coa USC e os centros de FP en convenios de prácticas co Concello e na realización de asistencia técnicas por parte do alumnado.
- Creación dun **Plan Cultural e Turístico** apoiándose na Cátedra de Xestión Cultural recentemente aprobada pola Xunta.

**PORQUÉ 09****Porque non existe unha planificación das infraestruturas nin un apoio real ao deporte****PARA QUE**

- Creación dun **Plan de Rehabilitación e Dinamización para a zona norte do municipio**, cofinanciando coa Xunta de Galicia a rehabilitación de vivendas en estado de ruína técnica ou económica, reforzando o papel de Evislusa.
- Sinatura dun **convenio coa FEGAMP** para usar as instalacións dos centros educativos fóra do horario lectivo.
- Avances para a creación dun **novo espazo deportivo e cultural no antigo polideportivo da OJE** para a mocidade.
- Realización dun **plan de mellora** para as instalacións deportivas actualmente en funcionamento.

**PORQUÉ 10****Pola súa incapacidade de xestionar os recursos humanos, con servizos saturados e outros desmantelados****PARA QUE**

- Aprobación da **carreira profesional**.
- Aprobación da **modificación da relación de postos de traballo (RPT)** en distintas áreas.
- Apertura de **listaxes de interinidades** para axilizar a atención á veciñanza.
- Posta en marcha das **Ofertas de Emprego Públicas**.
- Impulso do **Plan de Igualdade e Recursos Humanos** do Concello de Lugo.
- Reforzo do papel do **Comité de Seguridade e Saúde**.
- Regulación da **xornada de servizos especiais**.

Lugo merece un gobierno que execute.

10 razóns.

45 compromisos.

Un rescate real para Lugo.

Partido Popular de Lugo

www.ppdelugo.gal